

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 5 de xullo de 2013

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día cinco de xullo de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(757).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(758).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA. EXPTE. 82392/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 5.06.13, o informe de fiscalización do 2.07.13, e de acordo co informe-proposta do xefe da Área de Política de Benestar, do 19.06.13, conformado pola concelleira delegada de Política de Benestar e pola concelleira-delegada de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aproba-lo expediente de contratación do servizo de teleasistencia, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18 de xuño de 2013 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo por procedemento aberto de data 18 de xuño de 2013.

2º.- Aproba-lo gasto de 264.000 euros, para a contratación do servizo de teleasistencia , que se imputará á partida 2310.2279911 prestación do servizo de teleasistencia. e súa bolsa de vinculación, , e de acordo coa seguinte distribución:

ano 2013: 44.000€
ano 2014:132.000 €
ano 2015: 88.000€

3º Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

3(759).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO A S.C.G. CENTRAL RADIO TAXI, A PLATAFORMA POLA ACCESIBILIDADE SOLIDARIA DE VIGO “PASO VIGO” E CAIXABANK, S.A. - FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA A ORGANIZACIÓN E O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE NO MES DE XULLO DO PROGRAMA MUNICIPAL “LECKER NO VERÁN” PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE”- ANO 2013. EXPTE. 87005/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.07.13, e de acordo coa proposta do xefe de Área de Política de Benestar, do 4.07.13, conformado pola concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o texto do convenio entre o Concello de Vigo, a S.C.G. Central Radio Taxi, a Plataforma pola Accesibilidade Solidaria de Vigo “PASO VIGO” e CAIXABANK, S.A., para a organización e o financiamento do servizo de transporte no mes de xullo do programa municipal “Lecer no Verán” para persoas con discapacidade -ano 2013.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR DO CONCELLO DE VIGO, A S.C.G. CENTRAL RADIO TAXI, A PLATAFORMA POLA ACCESIBILIDADE SOLIDARIA DE VIGO “PASO VIGO” E CAIXABANK, S.A.-FUNDACIÓN “LA CAIXA” PARA A ORGANIZACIÓN E O FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE NO MES DE XULLO DO PROGRAMA MUNICIPAL “LECKER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE” – ANO 2013.

COMPARECEN

Dunha parte

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido polo Secretario de Administración municipal do Concello de Vigo, D. Manuel Xosé Lorenzo Penela.

Doutra parte,

D. Manuel Chorén Souto, con DNI nº 36.020.377-P, Presidente da Sociedade Cooperativa Galega (S.C.G.) Central Radio taxi, CIF nº F-36625499, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Josefa Estarque Vila, nº 7, CP 36204 Vigo.

D^a. Concepción Somoza Torres, con DNI nº 36.053.985-J, representante da Plataforma pola Accesibilidade Solidaria de Vigo "PASO VIGO", con enderezo para os efectos de notificación na rúa Miguel Hernández nº 1, CP 36210 Vigo.

D. Santiago Picallo Búa, con DNI nº 35.284.229-K, Director de Banca de Institucións Galicia – Zona Sur da entidade CAIXABANK, S.A. (CIF nº A-08663619), con enderezo para os efectos de notificación na rúa Sánchez Bregua nº 5, CP 15004 A Coruña.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D. Manuel Chorén Souto, actuando en representación da S.C.G. Central Radio taxi, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Concepción Somoza Torres, en representación de "PASO VIGO", segundo ten xa acreditado perante esta Admón.

D. Santiago Picallo Búa, en representación de CAIXABANK, S.A., segundo así resulta da escritura de apoderamento achegada, de data 30.06.2011, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D. Manuel Xosé Lorenzo Penela, Secretario de Administración municipal, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento, por delegación da Secretaria de Goberno local (Resolucións de datas 19.09.2011 e 20.03.2013).

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que a normativa de réxime local (Art. 25.1 da L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local – LRBRL e Art. 80.1 da L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia – LALGA) prevé que os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, asumindo como competencia propia, entre outras, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social; servizos declarados obrigatorios para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.k) e 26.1.c) LRBRL e 80.2.k) e 81.c) LALGA).

II.- Que, ademais, a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei.

III.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas na cidade que teñen a necesidade de acudir, para mellorar a súa calidade de vida, a dispositivos e servizos de lecer e respiro familiar como o que se presta desde hai anos co programa de "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE".

IV.- Que, en efecto, a Concellería de Política de Benestar ven realizando desde o ano 2008, en colaboración coa plataforma de asociacións "PASO VIGO", o programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE", destinado a persoas con discapacidade física e/ou psíquica, a partir dos 6 anos de idade e que estean empadroadas no Concello de Vigo.

Trátase dun programa de lecer e respiro familiar de carácter non permanente que este ano desenvolverase, nos meses de xullo e agosto, en dous centros accesibles e adaptados ás necesidades persoais dos participantes: o Centro S. Francisco (r/Cangas, nº 14) e o Museo Verbum (Avda. de Samil, nº 17).

Consta de dous proxectos: "Divértete no verán", no mes de xullo (Museo Verbum), e "Verán do lecer" (Centro S. Francisco), no mes de agosto.

V.- Que o programa estará a cargo de persoal debidamente formado e cualificado, correspondendo a coordinación do proxecto á "Asociación xuvenil Abertal", contratada «ad hoc» polo Concello, e a superior coordinación e supervisión técnica á funcionaria municipal responsable do servizo de persoas con discapacidade.

VI.- Que está cofinanciado pola Concellería de Política de Benestar e polas propias persoas beneficiarias e o seu axeitado desenvolvemento require a organización do desprazamento das persoas usuarias que, en moitos casos, precisan de medios especiais de transporte.

VII.- Que o Concello de Vigo viña asumindo ata o de agora, con cargo ós seus orzamentos, o 50% do custo do transporte das persoas usuarias deste programa, desde o seu domicilio ata o lugar no que se levan a cabo as actividades e o outro 50% correspondíalle ós usuarios. Para rebaixar os custos deste servizo víñase utilizando o autobús adaptado (PMR) da concesionaria do transporte público de Vigo, "Vitrassa", e tamén furgonetas adaptadas cedidas por determinadas asociacións de discapacitados.

VIII.- Que CAIXABANK, S.A., a través da súa Obra social (Fundación "La Caixa"), ofreceuse de forma voluntaria para financiar parcialmente ese custo, en colaboración coa S.C.G. Central Radio taxi e da asociación "PASO VIGO"; iniciativa social que, loxicamente, merece todo o apoio por parte do Concello de Vigo.

IX.- Que o presente convenio de colaboración contempla, coas debidas adaptacións, as prescricións básicas que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento xeral do 2013 relativas a competencias de aplicación, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de formalizar os termos da colaboración para a execución deste programa municipal, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio a regulación dos termos da colaboración prevista entre a Concellería de Política de Benestar do Concello de Vigo, a Sociedade Cooperativa Galega Central Radio taxi, a plataforma de asociacións "PASO VIGO" e CAIXABANK, S.A. – Fundación "La Caixa", para sufragar durante o mes de xullo de 2013 o custo do servizo de transporte para as persoas con discapacidade usuarias do programa municipal "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2013" (proxecto: "Divértete no verán" –xullo – Museo Verbum).

No mes de agosto, o custo do servizo será asumido integramente polo Concello de Vigo, sen que as persoas usuarias deban realizar ningunha achega económica por tal concepto (proxecto: "Verán do lecer" –agosto– Centro S. Francisco).

SEGUNDA.- A S.C.G. Central Radio taxi, en colaboración coas asociacións integradas na plataforma "PASO VIGO", prestarán a través dos seus asociados o servizo de transporte "porta a porta" deste programa no mes de xullo de 2013, mediante EUROTAXIS e vehículos axeitados ás necesidades das persoas usuarias (uso de cadeiras de rodas eléctricas e manuais, con transferencia, sen cadeira...).

Pola súa banda, CAIXABANK, S.A. asumirá integramente o custo do servizo durante ese mes de xullo, estimado na cantidade de 4.401,00 €, satisfacendo os correspondentes importes directamente á cooperativa de taxis.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo farase cargo da coordinación xeral e a supervisión do desenvolvemento dos dous proxectos que integran o programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2013", incluída a organización das rutas de recollida, e cofinanciará o custo do resto dos servizos e prestacións (p. ex. comedor, monitores acompañantes...), excluída agora a de transporte no mes de xullo.

CUARTA.- A vixencia deste Convenio de colaboración está vencellada á execución do proxecto "Verán do lecer" do programa "LECER NO VERÁN PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE 2013", no mes de xullo deste ano.

QUINTA.- Como mecanismo de coordinación e, de ser o caso, de solución de eventuais controversias, crease unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas propios do servizo obxecto de convenio. Estará composta por un representante dos taxistas, un de "PASO VIGO" e outro de CAIXABANK, S.A. e por dous técnicos municipais, sendo presidida pola Concelleira responsable da Área.

SEXTA.- As entidades colaboradoras deberán dar a adecuada publicidade ó programa municipal, previa conformidade da Concellería de Política de Benestar e incluír de maneira explícita os logotipos de identificación corporativa desta Concellería, ademais dos das entidades colaboradoras, CAIXABANK, S.A. – Fundación "La Caixa", S.C.G. Central Radio taxi e "PASO VIGO".

SÉTIMA.- Este Convenio ten natureza e carácter xurídico – administrativo e rexerase, no que sexa de aplicación, pola L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común, pola lexislación sobre a materia obxecto de convenio e, no seu defecto, pola normativa de contratación do Sector público e demais normas de Dereito administrativo e privado aplicables.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por cuadruplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretario de Administración municipal, dou fe.

4(760).- PROXECTO DE REFORZO DA CAPA DE RODADURA DO FIRME EN RÚAS DE DIVERSAS PARROQUIAS DO TERMO MUNICIPAL. EXPTE. 1941/440.

Visto o informe de fiscalización, do 2.07.13, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 28.06.13, que di o seguinte:

En data 29 de maio pasado o Concelleiro delegado de Fomento encargou a redacción do proxecto para o reforzo da capa de rodadura do firme en rúas de diversas parroquias do termo municipal ao enxeñeiro xefe de Vías e Obras.

Con data xuño de 2013, redáctase polo enxeñeiro xefe o proxecto para o "Reforzo da capa de rodadura do firme en rúas de diversas parroquias do termo municipal", que inclúe as seguintes rúas:

- Rúa Saa – Beade.
- Camiño Ariero – Bembrive.
- Avda. Do Tranvía – Cabral.
- CEIP Carballal – Cabral.
- Rúa Goleta – Candeán.
- Rúa Portoloureiro – Castrelos.
- Camiño Romeu – San Andrés de Comesaña.
- Estrada de Fragoselo – Coruxo.
- Baixada a Ponte Nova – Freixeiro.
- Rúa Leonardo Alonso – Matamá.
- Rúa Severino Cobas – Lavadores.
- Camiño Raposeira – Sárdoma.
- Rúa Doutor Corbal – Teis.
- Estrada Monte Alba – Valadares.

As obras basicamente consisten no reforzo da capa de rodadura do firme existente.

Polo que á vista do anteriormente exposto, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado polos Enxeñeiro Xefe de Vías e Obras, para o "Reforzo da capa de rodadura do firme en rúas de diversas parroquias do termo municipal", cun orzamento base de licitación de SEISCENTOS TRINTA E NOVE MIL TRESCENTOS COARENTA E CINCO EUROS CON OITENTA E NOVE CÉNTIMOS (639.345,89 €).

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(761).- PROXECTO EXPROPIATORIO DE ENSANCHE E PROLONGACIÓN DA RÚA SEVERINO COBAS. PARCELA E-001, E-020 BIS. EXPTE. 156/413.

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 1.07.13, conformado pola xefa de Planeamento e Xestión, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

- I. Na data do 27 de marzo de 2006, pola Xunta de Goberno Local acordouse en sesión ordinaria aprobar un modelo de convenio de recoñecemento de aproveitamento e de determinación do xustiprezo cos propietarios das parcelas E-001, E-003, E-005, E-007, E-011, E-013, E-015, E-017, E-019, E-020BIS, E-021, E-023, E-025, E-033, E-034, E-035, E-036, E-043, E-045, E-054B e E-054C do proxecto expropiatorio de ensanche e prolongación da rúa Severino Cobas. As estipulacións do convenio aprobado son as seguintes: "PRIMEIRA: D.....e o Concello de Vigo acordan por mutuo acordo a determinación

do xustiprezo da expropiación da finca descrita no segundo punto dos antecedentes, fixando o mesmo por un importe de.....€. Mentres non concorran as dúas circunstancias previstas no punto seguinte, o expropiado terá dereito a participar no aproveitamento urbanístico que en execución do planeamento do PERI/UE.....lle poidera corresponder ao Concello.

SEGUNDA: O pago do xustiprezo quedará demorado ata que se den simultaneamente os feitos seguintes: en primeiro lugar, transcurso de catro anos dende a formalización do presente documento e, en segundo lugar, non se dera aprobación definitiva o instrumento de planeamento xeral actualmente en redacción ou que o aproveitamento non fora materializable.

TERCEIRO: Sempre que se dean as circunstancias para o aboamento en metálico do xustiprezo, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, naquel caso que o Xurado de expropiación eleve en circunstancias xurídicas e físicas semellantes o importe do xustiprezo e a resolución sexa firme". Así mesmo, con data do 11 de setembro de 2006, pola Xunta de Goberno Local acordouse en sesión ordinaria, aprobar este modelo de recoñecemento da edificabilidade e determinación do xustiprezo para a sinatura do mesmo para a parcela contida no proxecto expropiatorio como E-038.

O convenio asinouse coa propiedade da parcela E-020 BIS con data do 12 de setembro de 2006.

- II. Na data do 7 de maio de 2007, pola Xunta de Goberno Local acordouse en sesión ordinaria unha rectificación do convenio de recoñecemento do aproveitamento cos propietarios das parcelas E-003, E-005, E-007, E-017, E-019 e E-021 do proxecto expropiatorio de alargamento da rúa Severino Cobas. A rectificación efectuada consistiu na substitución da cláusula terceira do convenio que quedou redactada como segue: "(...) Sempre que se dean as circunstancias para o abono en metálico do xustiprezo e unha vez que non se materialice a edificabilidade que outorga o planeamento, o suxeito expropiado terá dereito a unha revisión do principal inicialmente determinado, polo que se tramitará o correspondente expediente expropiatorio para a fixación definitiva do xustiprezo, polo Xurado de Expropiación (...)".

Esta circunstancia foi posta de manifesto á mercantil propietaria da parcela E-001 achegándolle copia do acordo íntegro adoptado e con data do 31 de outubro de 2007 polo representante da mercantil foi asinado así mesmo dito convenio rectificado.

- III. Tendo transcorrido o prazo de catro anos dende a sinatura dos seus convenios, polos propietarios das parcelas E-003, E-005, E-007, E-017 e E-021, solicitouse a prórroga dos mesmos ao entender que dita prórroga non causa prexuízo algún ao interese xeral, polo que a Xunta de Goberno Local de data do 14 de setembro de 2012 acordou en sesión ordinaria, engadir unha addenda aos convenios de determinación do xustiprezo asinados con data do 5 de setembro de 2007 polos propietarios das parcelas E-003, E-005, E-007, E-017 e E-021, do proxecto expropiatorio de ensanche e prolongación da rúa Severino Cobas, no senso de manter a súa vixencia durante un prazo de catro anos mais dende que se produza a formalización deste documento.

Previo ofrecemento para a súa sinatura foron formalizadas as addendas con estos propietarios con data do 11 de decembro de 2012.

- IV. Con data do 11 decembro de 2012, comparece así mesmo a propietaria da parcela E-019 solicitando a prórroga do seu convenio. Previa notificación ao resto dos propietarios comunicándolles esta posibilidade, foi solicitada así mesmo a dita prórroga polos propie-

tarios das parcelas E-011, E-23, E-025 e E-036 e E-038, polo que a Xunta de Goberno Local de data do 19 de abril de 2013 acordou en sesión extraordinaria e urxente, engadir unha addenda aos convenios de determinación do xustiprezo asinados con data do 12 de setembro de 2006 polos propietarios das parcelas E-023, E-025, E-036 e E-038, con data do 10 de novembro de 2006 pola propiedade da parcela E-011 e con data do 5 de setembro de 2007 pola propiedade da parcela E-019, do proxecto expropiatorio de ensanche e prolongación da rúa Severino Cobas, no senso de manter a súa vixencia durante un prazo de catro anos mais dende que se produza a formalización deste documento.

Previo ofrecemento para a súa sinatura foron formalizadas as addendas cos propietarios das parcelas E-011, E-019, E-023, E-036 e E-038 con data do 21 de maio de 2013 e cos propietarios da parcela E-025 con data do 25 de xuño de 2013.

- V. Por último, con data do 17 de xuño de 2013 solicita a prórroga do seu convenio o propietario da parcela E-020 BIS -doc. núm. 130071431 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-; así mesmo, con data do 26 de xuño de 2013 solicita a prórroga do seu convenio o representante da mercantil propietaria da parcela E-001 -doc. núm. 130074925 do rexistro de entrada da xerencia municipal de Urbanismo-.

NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo,
- III. A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións,
- IV. O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,
- V. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, ambos con carácter supletorio,
- VI. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,
- VII. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, cuxa modificación mais importante foi pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local,
- VIII. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,

- IX. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- X. Os estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada ou refundida aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- XI. O resto de disposicións que poidan afectar,

Á vista da documentación existente no expediente, emítase a seguinte VALORACIÓN XURÍDICA,

- I. Xustificación da necesidade de engadir unha adenda ao convenio asinado con data do 12 de setembro de 2006 para a parcela E-020 BIS e ao convenio rectificadado asinado con data do 31 de outubro de 2007 para a parcela E-001: Queda constatado o transcurso do prazo de catro anos dende a sinatura dos convenios e asemade, a falta de materialización do aproveitamento recoñecido, no caso da parcela E-020 BIS ao estar pendente de redacción e aprobación o planeamento de desenvolvemento do APR A-4-30 CURROS 1 e a súa execución e no caso da parcela E-001, ao non terse aprobado o proxecto de equidistribución do ámbito de solo urbano non consolidado APR A-4-29 SANTA CRISTINA, ámbito para o que PXOM vixente contén a súa ordenación detallada e considerado como actuación prioritaria a desenvolver polo sistema de cooperación. Constatase así mesmo a vontade de prorrogar os convenios asinados por parte dos propietarios das parcelas E-020 BIS e E-001 durante catro anos mais. Polo exposto, procede engadir unha adenda aos citados convenio de cara a manter a súa vixencia e efectividade durante ese prazo.
- II. Órgano competente para a adopción do presente acordo: Tendo en conta o establecido no artigo 127.1.d da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, o órgano que ten atribuída a competencia para a adopción do presente acordo é a Xunta de Goberno Local por proposta do Consello da xerencia, de conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.

PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, especialmente o artigo 88 da Lei 30/1992, propónse a adopción do seguinte ACORDO

PRIMEIRO: Engadir unha addenda aos convenios de determinación do xustiprezo asinados con datas do 12 de setembro de 2006 polo propietario da parcela E-020 BIS e do 31 de outubro de 2007 pola mercantil propietaria da parcela E-001 do proxecto expropiatorio de ensanche e prolongación da rúa Severino Cobas, no senso de manter a súa vixencia durante un prazo de catro anos mais dende que se produza a formalización deste documento.

SEGUNDO: Ofrecer esta addenda á sinatura dos propietarios das parcelas E-020 BIS e E-001.

TERCEIRO: Notificar o presente acordo aos interesados””.

Non obstante, a Xunta de Goberno Local decidirá, co seu superior criterio, o que estime mais oportuno.

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión de data 5.07.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.